

## Premios en diversas categorías

O xurado tamén valorou o traballo do resto de grupos. Así, na categoría de logros técnicos o premio foi para o equipo MontecasteloSAT do Colexio As Acacias-Montecastelo de Vigo, e o accésit para o SaviSAT do CPI Dr. López Suárez do Saviñao. Na categoría de valor científico o premiado foi o grupo Planeta RDT do IES Reao da Trabe de Culleredo e o accésit para o PonteSAT do IES Eduardo Pondal de Ponteceso. As competencias profesionais tamén tiveron recoñecemento e o equipo Ortesats, do IES de Ortigueira, recibiu este premio, mentres que o PonteSAT do IES Eduardo Pondal de Ponteceso foi accésit nesta categoría. Finalmente, a mellor difusión quedou nos dous grupos que participantes do IES Eusebio da Guarda da Coruña. O MeteoSputnik foi o gañador e o Breogán XII o accésit.

A edición 2021 de CanSat contou coa participación de máis de medio cento de estudiantes de nove institutos. Organízase este ano por segunda vez baixo o impulso da Consellería de Cultura, Educación e Universidade -coa colaboración específica do departamento Aula Nova do Centro Autonómico de Formación e Innovación (CAFI) de Santiago- e a Vicepresidencia 2ª e Consellería de Economía, Empresa e Innovación no marco do programa de fomento das vocacións científicas da Civil UAVs Initiative.